

A FILLA DOS PROVOCADORES DE NAUFRAXIOS

Vilamaior era unha enorme casa na costa lucense. Durante trescentos anos estivo enmeigada pola pantasma dunha moza.

Un dono tras outro dicían ter visto á moza, pero nunca ninguén dixo ter medo da pantasma, pero nunca ninguén soubo quen era ela..., non durante trescentos longos anos.

Entón, hai cen anos, o dono da casa descubriu un cuarto diminuto, que estivera escondido detrás de paredes enlucidas por anos e anos. Dentro do pequeno cuarto encontrábase a osamenta dunha moza, deitada nunha fermosa cama. Aínda vestía a roupa que usaba hai máis de douscentos anos.

A roupa era suave e bonita, pero estaba chea de po e fráxil. O esqueleto levaba fermosos aneis e colares, agora escurecidos polo tempo.

Pero aínda así, ninguén sabía o nome da muller, ninguén sabía por qué estivera escondida no diminuto cuarto durante tantos anos. A osamenta pronto foi sepultada nun pequeno cemiterio do pobo, pero a triste pantasma continuou andando polos corredores da casa. Por que estaba ela alí?

No século XVII, Vilamaior pasou a mans de Tomás e María Torremenor. Os Torremenor eran os donos dunha pequena tenda, pero ninguén sabía que os Torremenor eran provocadores de naufraxios.

Durante as tormentas, cando os Torremenor sabían que un barco navegaba cerca da costa, prendían una fogueira na praia. O capitán do barco pensaba que a fogueira era unha luz que os guiaría a un sitio seguro, pero dirixía o seu barco ata ás enormes rochas da costa. Cando o barco afundía os Torremenor collían os obxectos de valor que levaban a bordo no barco afundido, e levábanas para a súa casa.

Unha noite fai moito tempo, Tomás miraba o mar, mentres afundían un barco, pero cando estaban roubando no barco... viu na praia unha muller tirada na veira do mar.

-Aquí hai unha muller.- exclamou Tomás- e está viva.

-Non a podemos deixar aquí.- dixo María.- levarémola con nos.

Levárona a súa casa e puxeron á muller na habitación de Isabel, a súa filla.

Isabel fuxira da casa de seus pais cando aínda era unha rapaciña.

María non puido facer nada pola moza que atoparan na praia, faleceu uns días mais tarde sen recobrar o coñecemento. Así que como non a podían enterrar

publicamente, se non a xente daríase conta de que provocaran un naufraxio, decidiron encerrala no seu cuarto secreto, e cubriilo de paredes.

Pasaron tres días e María estaba servindo té cando alguén petou á porta. Era un home, según el, o único supervivente do naufraxio acontecido uns días antes preto da vila, contoulle que no barco que afundira viaxaba unha moza que se chamaba Isabel, que lle contara que viaxaba a esa vila para visitar ós seus pais, que non vía dende facía moitos anos, cando fuxira da súa casa. Contáralle que votaba de menos ós seus pais e que tiña moitas ganas de abrazalos e bicalos. Suponse que ía ser una sorpresa.

Na década de 1960, uns traballadores que ían demoler a vella casa encontraron una caixa de metal. Dentro da caixa había una carta dirixida os donos de Vilamaior.

A carta dicía:

Antes de morrer, quixera confesar os meus pecados. A miña querida esposa agora está morta. Non podo continuar sen que alguén saiba o segredo de María e mais meu. A miña muller e eu vivimos moitos anos en Vilamaior.

Recibimos a bendición dunha fermosa filla, que escapou da casa cando aínda era unha rapaciña pequena.

Provocamos o naufraxio dun barco e matamos á nosa propia filla, que viaxaba no barco para vir visitarnos. Colocamos o seu corpo nun cuarto secreto. Xa non podíamos seguir vivindo na nosa casa, porque nos pareceu ver o pantasma da nosa filla. Mudámonos a Ourense para estar afastados da costa.

Que Deus nos perdoe.

Firma, Tomás Torremenor

1690

JULIA VILA SOUSA 1ª